

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A ÁREA SANITARIA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E BARBANZA SÚMASE AO DÍA DA EPOC CON INFORMACIÓN E PROBAS DIAGNÓSTICAS Á POBOACIÓN

- O 73 % das persoas que padecen esta patoloxía o descoñecen
- A área compostelá conta cunha Unidade de EPOC Multidisciplinar de Alta Complexidade, acreditada pola SEPAR, que trata neste intre a preto de 500 doentes coa forma máis grave da patoloxía
- Estímase que en Galicia a EPOC afecta ao 16.3 % da poboación maior de 40 anos

**Santiago de Compostela, 16 de novembro de 2022.-** Hoxe é o Día da EPOC e profesionais do Servizo de Pneumoloxía da Área Sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza ofrecen información e realizan probas diagnósticas á toda a poboación que se achegue ata o autobús instalado no Paseo dos Leóns na Alameda compostelá entre as 9 e as 15 horas..

Esta actividade, segundo subliña Carlota Rodríguez, pneumóloga do CHUS responsable da Unidade de EPOC, "ten fins divulgativos para dar a coñecer as características clínicas máis habituais da Enfermidade Pulmonar Obstrutiva Crónica (EPOC)" e coa realización de probas de detección, cobra gran importancia xa que se estima que o 73 % da poboación que padece esta patoloxía non o sabe.

Facilitarase aos viandantes información sobre a enfermidade con diferentes folletos informativos e terán a oportunidade de realizar probas como a espirometría (COPD-6), pico fluxo inspiratorio ou coximetría, así como coñecer diferentes dispositivos de inhalación, medidas de nutrición e outros hábitos saudables (como deixar de fumar) para evitar ou frear a evolución desta enfermidade.

A Área Sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza conta consulta monográfica de EPOC grave, acreditada o pasado ano pola SEPAR (Sociedade Española de Patoloxía Respiratoria) como Unidade de EPOC Multidisciplinar de Alta Complexidade. A súa responsable, a Dra. Carlota Rodríguez García, sinala que actualmente hai 470 doentes en seguimento e que "dada a gravidade e complexidade destes pacientes, en caso de agudizacións, dispoñen dun acceso directo ao servizo de pneumoloxía a través do Hospital de Día do servizo". A unidade conta coa colaboración dunha enfermeira xestora de casos que leva a cabo tarefas de educación inhalatoria, seguimento dos pacientes en programa pretrasplante e en programa de teleasistencia domiciliaria. Ademais colabora coa unidade axuda dun enfermeiro e xestor de pacientes, en diferentes proxectos de investigación e ensaios clínicos no campo da EPOC.

Os doentes con EPOC grave da área sanitaria compostelá contan tamén cun programa de rehabilitación respiratoria, atendido por un fisioterapeuta específico.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Por outra banda, a doutora Rodríguez engade que na consulta de EPOC grave aténdense tamén pacientes con Déficit de Alfa 1 antitripsina (DAAT), “a principal causa xenética e por tanto non modificable da EPOC”, así “actualmente temos 26 pacientes graves de DAAT que reciben tratamento cada 15 días no Hospital de Día” subliña, e máis de 100 a seguimento na consulta. A Unidade colabora co rexistro EARCO un proxecto internacional cuxo obxectivo en aumentar o coñecemento no diagnóstico, prognóstico e tratamento desta enfermidade.

EPOC

Segundo os datos do Estudo EPISCAN II (2019) referentes á nosa comunidade a EPOC afecta a un 16,8% da poboación galega maior de 40 anos. Este mesmo estudio revela que o 73 % das persoas galegas que a padecen non están diagnosticadas. Unha das causas desta ingradiagnose é o descoñecemento que hai sobre esta patoloxía por parte da poboación xeral, así, o estudo CoñecEPOC revela que tan só o 40% dos galegos saben que é a EPOC. Entre as persoas que descoñecen esta enfermidade, o 21 % son fumadores.

### Saúdos do Gabinete de Comunicación e Imaxe